

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE FACENDA**

*Resolución do 16 de novembro de 2009, do tribunal designado pola Orde do 7 de setembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 179, do 11 de setembro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), escala técnica de auxiliar de informática, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 234, do 2 de decembro), pola que se dá publicidade a determinados acordos do tribunal respecto da realización do segundo exercicio da fase de oposición.*

En sesión que tivo lugar o día 16 de novembro de 2009 constituíuse o tribunal designado pola Orde do 7 de setembro de 2009 (DOG número 179, do 11 de setembro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), escala técnica auxiliar de informática, adoptando os seguintes acordos respecto da realización do segundo exercicio da fase de oposición, de conformidade co disposto na base II.1.2. da convocatoria:

1. O segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o día 10 de decembro de 2009, no auditorio do recinto feiral de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas.

2. Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

3. Non se permitirá nos recintos onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso aos recintos con calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recolla de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2009.

Luis Fernando Núñez Alonso  
Presidente do tribunal

*Resolución do 16 de novembro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase oposición.*

Na sesión que tivo lugar o día 6 de novembro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-O segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o día 29 do novembro, no Auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único, que se iniciará ás 10.00 horas.

Segundo.-Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, bolígrafo, lapis do número 2 e goma de borrar.

Terceiro.-Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ao recinto con calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2009.

Belén Liste Lázara  
Presidenta do tribunal

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Anuncio do 10 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto pola Resolución do 13 de outubro de 2009, desta dirección xeral, pola que se comunicaba a apertura dun prazo para solicitar prazos de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen desta consellería.*

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publica-

ción das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos>) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

### ANEXO I

Apelidos e nome	DNI	Causa	Relixión
Agra Paz, Carlos	35466482-E	1	506400
Allegue Torre, Felipe	76410752	1	506400
Almarza Cano, José M <sup>a</sup>	05657275-B	1	506403
Asorey Vilanova, M <sup>a</sup> Dolores	36056760-M	1	506400
Busto Díaz, Marfa	35456508-F	1	506400
Cancela Sartal, Patricia	35314189-N	1 e 2	506400
Canto Caamaño, M <sup>a</sup> Dolores	35456108-K	1	506400
Carreira Parrado, Rosa Marfa	44814578-K	1	506400
Castrelos Arribas, M <sup>a</sup> José	35322039	1	506400
Coello González, Marfa Luz	34938051-Q	1	506400
Diz Figueiras, José	34996014-L	1	506403
Durán Queizán, Luz Marfa	76576058-L	1	506400
Falcón Docampo, Amalia	35323890-F	1	506400
Fernández Andrade, Emma	44474171-Z	1	506400
Ferro Lea, Martín	43117939-T	1	506400
Fraga Sangiao, Dolores	44836694-B	1	506400
García Franco, Daniel	44448741-E	1	506400
Gómez Pérez, Patricia	36153713-J	1	506400
González Cid, M <sup>a</sup> Isabel	34967788-Z	1	506400
Llorente Fernández, M <sup>a</sup> Ángeles	11034666-W	3	506400
López Sanmartín, Pablo	76822854-W	1	506400
Lorenzo Rodríguez, M <sup>a</sup> José	32651008-R	1	506400
Martínez Lema, M <sup>a</sup> del Sagrario	79315706-E	1	506400
Modino Pérez, Sara	53184567-B	1	506400
Mosquera Villasante, Miguel	32831942-V	1	506400
Muñía Rodríguez, Marta	34638441-G	1	506400
Ollari Cuiña, M <sup>a</sup> Josefa	53305692-H	1 e 2	506403
Outeda Arribas, Mónica	76867314-A	1	506400

Apelidos e nome	DNI	Causa	Relixión
Pan Carollo, Claudio	44831989-K	1	506400
Pereira Fernández, Emilia	44454401-R	1	506400
Pérez Álvarez, M <sup>a</sup> Dolores	36096933-C	1	506400
Pérez Lozano, Marta	33328102-K	1 e 2	506403
Prados Díez, M <sup>a</sup> Victoria	22537621-J	1	506400
Ramos Cao, Silvia	53304646-F	4	506400
Rey Cuba, Alicia	32664119-W	1	506400
Rey Kochinke, Ana	33275279-Y	1	506400
Rigüela Domínguez, Nerea	77000467-D	1 e 2	506400
Rodríguez Ferreiro, Rocío	32777264-X	1	506400
Senande Méijome, María José	76824162-E	1	506400
Soriano Velasco, Ana M <sup>a</sup>	28860599-S	1	506400
Souto André, Vanesa	36101366-Z	1	506400
Tilve Freijeiro, Cristina	44075641-M	1	506400

Relixión:

506400 Católica.

506403 Evanxélica.

Causas exclusión:

1. Non xustifica o requisito establecido no punto segundo, letra f) establecido na resolución da convocatoria.
2. Non reúne o requisito establecido no punto segundo, letra h) establecido na resolución da convocatoria.
3. Funcionaria laboral no corpo de mestres.
4. Xa forma parte dun baremo para o mesmo corpo e especialidade anterior.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo pertencentes á estrutura directiva da Xerencia de Atención Primaria de Lugo.*

Convocada, pola Orde do 9 de setembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo na Xerencia de Atención Primaria de Lugo (DOG número 186, do 22 de setembro), esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos pertencentes á estrutura organizativa da Xerencia de Atención Primaria de Lugo anunciada pola Orde do 9 de setembro de 2009 (DOG nº 186, do 22 de setembro).

Segundo.-Nomear nas prazas que se indican as persoas citadas no anexo desta orde, para os efectos do previsto no punto 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.